



OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Setembro 2020

CONCELLO DE A CORUÑA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de A Coruña

		Setembro 2020	3º Trimestre 2020
VIAXEIROS	Nº	16.666	66.215
	Var. 20/19	-61,9%	-55,7%
PERNOCTACIÓNS	Nº	34.691	147.352
	Var. 20/19	-64,7%	-58,9%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,08	2,23
	Var. 20/19	-7,2%	-7,1%
OCUPACIÓN (%)	%	24,25%	38,48%
	Var. 20/19	-37,18	-33,54
ADR (€)	€	52,5 €	-
	Var. 20/19	-25,9%	-
RevPAR (€)	€	15,6 €	-
	Var. 20/19	-70,0%	-

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Setembro 2020	3º Trimestre 2020
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	15.271	59.349
	Var. 20/19	-52,3%	-47,7%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	1.395	6.866
	Var. 20/19	-88,1%	-81,0%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	30.213	130.169
	Var. 20/19	-57,8%	-53,5%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	4.478	17.183
	Var. 20/19	-83,1%	-78,2%

SETEMBRO 2020

- No pasado mes de setembro rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de A Coruña. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 62% e o volume de noites un 65% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Esta notable caída acontecida nun contexto de inicio e expansión da segunda ola da pandemia, con crecemento do número de casos Covid19 e establecemento de diversas restricións a nivel estatal, autonómico e local contrasta co incremento rexistrado no pasado ano –do 9,3%– mais da continuidade ás caídas observadas en setembro de 2018. Mantense unha tendencia de irregularidade, acentuada por este escenario covid, que sitúa o nivel final deste mes de setembro en preto de 35 mil noites –dato que supón un mínimo na serie histórica–.


- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe de forma abrupta coa serie de anos anteriores.
- O 87% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 13% restante é de orixe internacional.
- Neste mes de setembro obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 58% o turismo de ámbito nacional e do 83% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellora a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 73% do total das noites hoteleiras en setembro do pasado ano ao 87% actual –a porcentaxe máis alta da serie histórica-.
- Neste contexto negativo rexístrase tamén un descenso da estadia media nos hoteis e pensións da cidade. En particular, cae un 7,2% para situarse en preto de 2,1 noites –a terceira cifra máis elevada dos destinos urbanos de Galicia, só por detrás dos valores rexistrados en Ferrol e Vigo-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 10% en relación ao pasado ano, con 4.700 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón 500 prazas menos que en setembro de 2019-.
- Este descenso é inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 61,4% en setembro do pasado ano ao 24,3% deste ano-. A perda supera os 37 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano por debaixo da media dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras descenden tamén e de forma notable neste último mes do terceiro trimestre –un 26% en particular- situándose en 52,5 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambas circunstancias levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae nun 70% para situarse en 15,6 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de A Coruña. Mes de setembro 2012-20



3º TRIMESTRE 2020

- No terceiro trimestre deste ano 2020 rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de A Coruña respecto do mesmo período do pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 56% e o volume de noites un 59%.
- Esta notable caída non ten precedentes na serie histórica a pesar de que nos últimos anos se viña observando un comportamento irregular. Tal circunstancia coloca o nivel final de demanda deste trimestre en algo máis de 147 mil noites, dato que supón un mínimo da serie.
- O descenso da demanda prodúcese nos tres meses considerados, con notable intensidade. Cae o volume de noites un 58% en xullo, un 56% en agosto e un 65% agora en setembro. O comportamento é, por tanto, bastante homoxéneo neste período.
- O 88% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 12% restante é de orixe internacional. Neste período obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 53% o turismo de ámbito nacional e do 78% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 78% do total das noites hoteleiras no terceiro trimestre de 2019 ao 88% actual –a porcentaxe máis elevada da serie histórica-.
- Neste contexto negativo rexístrase tamén un descenso da estadia media nos hoteis e pensións da cidade. En particular, cae un 7,1% para situarse en pouco máis de 2,2 noites.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible pero de menor intensidade. O volume de prazas ofertadas cae un 32% en xullo, un 24% en agosto e un 10% en setembro, con máis de mil prazas de diferenza respecto das cifras do pasado ano 2019.
- Este descenso é inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 72,0% no terceiro trimestre do pasado ano ao 38,5% deste ano-. Esta porcentaxe sitúase na media dos destinos urbanos de Galicia.

Noites hoteleiras no concello de A Coruña. 3º Trimestre 2012-20

CONCELLO DE FERROL

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ferrol

		Setembro 2020	3º Trimestre 2020
VIAXEIROS	Nº	4.543	16.320
	Var. 20/19	-8,1%	-14,5%
PERNOCTACIÓNS	Nº	10.729	36.332
	Var. 20/19	-10,8%	-23,6%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,36	2,23
	Var. 20/19	-2,9%	-10,7%
OCUPACIÓN (%)	%	35,22%	40,06%
	Var. 20/19	-8,19	-16,00

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Setembro 2020	3º Trimestre 2020
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	4.096	14.312
	Var. 20/19	4,2%	-9,2%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	446	2.007
	Var. 20/19	-56,1%	-39,5%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	8.916	30.774
	Var. 20/19	-5,8%	-21,0%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	1.813	5.557
	Var. 20/19	-29,2%	-35,4%

SETEMBRO 2020

- No pasado mes de setembro rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ferrol. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 8,1% e o volume de noites un 10,8% en relación ao mesmo período do pasado ano. Son porcentaxes importantes pero inferiores ás dos restantes destinos urbanos de Galicia. Neste sentido Ferrol é a cidade que presenta o mellor comportamento en termos relativos neste mes.
- Esta notable caída, acontecida nun contexto covid19, contrasta cos incrementos rexistrados nos dous últimos anos –do contorno do 7% en 2018 e 2019- mais vai na liña dos descenso rexistrados en anos anteriores. Tal circunstancia deixa o nivel final deste 2020 en preto de 11 mil noites –a segunda cifra máis baixa de cando menos os últimos seis anos-.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso neste mes que coloca o nivel final en pouco máis de 4.500.
- Neste mes o 83% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 17% restante é de orixe internacional.

- En setembro obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado pero con diferenzas de intensidade e motivos. O turismo de ámbito nacional presenta unha caída do 5,8% provocada por un descenso da estadia media pois a cifra de viaxeiros españois aloxados nos hoteis e pensións da cidade incrementábase nun 4,2%. Este dato é moi importante pois acontece nun contexto moi negativo, de caídas xeneralizadas e notorias en todos os destinos de Galicia así como no conxunto da comunidade.
- O turismo internacional descende tamén pero con maior intensidade. Cae a cifra de viaxeiros estranxeiros nun 56% e o volume de noites nun 29% en relación ao mes de setembro do pasado ano.
- O mellor comportamento en termos relativos do turismo nacional leva a que neste mes mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 79% do total das noites hoteleiras en setembro do pasado ano ao 83% actual. A diferenza non é moi elevada pero vai na liña do observado nos restantes destinos urbanos de Galicia.
- Neste contexto negativo rexístrase tamén un descenso da estadia media global nos hoteis e pensións da cidade. En particular, cae nun 2,9% para situarse preto de 2,4 noites –a segunda cifra máis alta dos destinos urbanos de Galicia, só por detrás do valor rexistrado en Vigo-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce un incremento da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas sobe un 10,0% en relación ao pasado ano, con pouco máis de mil prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón case 100 prazas máis que en setembro de 2019-. Con isto Ferrol ten un comportamento atípico e diferente á maioría dos destinos urbanos de Galicia pois neste mes consegue incrementar o número de prazas hoteleiras dispoñibles en relación ao mesmo período do pasado ano. Tal circunstancia acontecera xa no pasado mes de agosto.
- O descenso da demanda prodúcese, por tanto, nun contexto de incremento da oferta dispoñible, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 43,4% en setembro do pasado ano ao 35,2% actual-. A perda supera os oito puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano na máis alta dos destinos urbanos de Galicia.

Noites hoteleiras no concello de Ferrol. Mes de setembro 2015-20



3º TRIMESTRE 2020

- Neste terceiro trimestre rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ferrol respecto do mesmo período do pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 14,5% e o volume de noites un 23,6%, porcentaxes inferiores ás da media dos destinos urbanos de Galicia.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante acadando algo máis de 16 mil.
- O descenso da demanda prodúcese nos tres meses considerados. Cae un 33% en xullo, un 24% en agosto e un 11% agora en setembro –mes de mellor comportamento en termos relativos, ao contrario do que acontece nos restantes destinos da comunidade-.
- Neste período o 85% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 15% restante é de orixe internacional.
- Neste trimestre obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 21% o turismo de ámbito nacional e do 35% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore levemente a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 82% do total das noites hoteleiras no terceiro trimestre de 2019 ao 85% actual –a porcentaxe máis elevada dos últimos anos-.
- A estadia media hoteleira descende neste período –nun 10,7% en particular- para situarse en pouco máis de 2,2 noites –unha das cifras máis elevadas dos destinos urbanos de Galicia, equivalente á de A Coruña e só inferior á rexistrada en Vigo-.
- O descenso do nivel de demanda leva a un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 56,0% no terceiro trimestre do pasado ano ao 40,1% deste ano-. Esta porcentaxe sitúase levemente por encima da media dos destinos urbanos de Galicia.

CONCELLO DE LUGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Lugo

		Setembro 2020	3º Trimestre 2020
VIAXEIROS	Nº	7.725	26.339
	Var. 20/19	-53,9%	-52,9%
PERNOCTACIÓNS	Nº	12.074	41.410
	Var. 20/19	-61,6%	-58,2%
ESTADIA MEDIA	Nº	1,56	1,57
	Var. 20/19	-16,7%	-11,3%
OCUPACIÓN (%)	%	27,26%	31,65%
	Var. 20/19	-34,28	-31,56
ADR (€)	€	40,2 €	-
	Var. 20/19	-20,2%	-
RevPAR (€)	€	13,8 €	-
	Var. 20/19	-59,3%	-

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Setembro 2020	3º Trimestre 2020
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	7.257	24.711
	Var. 20/19	-47,6%	-47,5%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	468	1.628
	Var. 20/19	-83,7%	-81,6%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	11.373	38.867
	Var. 20/19	-57,3%	-54,4%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	701	2.543
	Var. 20/19	-85,3%	-81,8%

SETEMBRO 2020

- No pasado mes de setembro rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Lugo. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 54% e o volume de noites un 62% en relación ao mesmo período do pasado ano, porcentaxes semellantes ás rexistradas noutros destinos como A Coruña ou Pontevedra e que se sitúan na media dos destinos urbanos da comunidade.
- Esta notable caída non ten precedentes na serie histórica e contrasta notablemente co comportamento observado nos últimos anos, período no que Lugo rexistra subas case continuadas que levaron a acadar un máximo de demanda en setembro de 2019 con máis de 31 mil noites. O descenso deste ano deixa o nivel final en doce mil noites.

- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe de forma abrupta coa serie de anos anteriores e coloca o nivel final en preto de oito mil.
- Neste mes o 94% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que tan só o 6% restante é de orixe internacional.
- Neste mes de setembro obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 57% o turismo de ámbito nacional e do 85% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 85% do total das noites hoteleiras en setembro do pasado ano ao 94% actual.
- Neste contexto negativo rexístrase tamén un descenso da estadia media nos hoteis e pensións da cidade. En particular, cae un 16,7% para situarse preto de 1,6 noites –a cifra máis baixa dos últimos catro anos e tamén dos destinos urbanos de Galicia-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 12,9% en relación ao pasado ano, con preto de 1.500 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón 200 prazas menos que en setembro de 2019-.
- Este descenso é inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 61,5% en setembro do pasado ano ao 27,3% deste ano-. A perda supera os 34 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano na media dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras descenden tamén neste mes e de forma importante –nun 20,2% en particular- situándose en 40,2 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambas circunstancias levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 59,3% para situarse en 13,8 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.


Noites hoteleiras no concello de Lugo. Mes de setembro 2012-20



3º TRIMESTRE 2020

- No terceiro trimestre deste ano 2020 rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Lugo respecto do mesmo período do pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 53% e o volume de noites un 58%, porcentaxes case equivalentes ás de, por exemplo, a cidade de A Coruña e que se sitúan por debaixo da media dos destinos urbanos da comunidade.
- Esta notable caída carece de precedentes na serie histórica e deixa o nivel final de demanda en mínimos con algo máis de 41 mil noites. En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe de forma abrupta coa serie de anos anteriores, acadando algo máis de 26 mil.
- O descenso da demanda prodúcese nos tres meses considerados. Cae o volume de noites un 59% en xullo, un 55% en agosto e un 62% en setembro. O comportamento é, por tanto, bastante homoxéneo.
- Neste período o 94% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 6% restante é de orixe internacional.
- Obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 54% o turismo de ámbito nacional e do 82% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 86% do total das noites hoteleiras no terceiro trimestre de 2019 ao 94% actual –a porcentaxe máis elevada da serie histórica pois nunca antes superara o 90% de peso total-.
- Neste contexto negativo rexístrase tamén un descenso da estadia media nos hoteis e pensións da cidade. En particular, cae un 11,3% para situarse en preto de 1,6 noites –a cifra máis baixa de cando menos esta década e, en paralelo, a máis baixa dos destinos urbanos de Galicia-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible pero de menor intensidade. O volume de prazas ofertadas cae un 24% en xullo, un 12,5% en agosto e un 12,9% en setembro, con máis de 200 prazas de diferenza respecto das cifras do pasado ano 2019.
- Este descenso é inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se registre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 63,2% no terceiro trimestre do pasado ano ao 31,6% deste ano-. É a porcentaxe máis baixa dos destinos urbanos de Galicia.

Noites hoteleiras no concello de Lugo. 3º Trimestre 2012-20



CONCELLO DE OURENSE

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ourense

		Setembro 2020	3º Trimestre 2020
VIAXEIROS	Nº	7.401	25.247
	Var. 20/19	-46,0%	-43,2%
PERNOCTACIÓNS	Nº	12.184	41.588
	Var. 20/19	-47,8%	-45,4%
ESTADIA MEDIA	Nº	1,65	1,65
	Var. 20/19	-3,3%	-3,7%
OCUPACIÓN (%)	%	31,79%	39,30%
	Var. 20/19	-28,60	-23,48
ADR (€)	€	54,4 €	-
	Var. 20/19	2,5%	-
RevPAR (€)	€	21,1 €	-
	Var. 20/19	-41,9%	-

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Setembro 2020	3º Trimestre 2020
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	6.474	22.800
	Var. 20/19	-42,9%	-39,4%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	927	2.447
	Var. 20/19	-61,0%	-64,3%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	10.397	37.299
	Var. 20/19	-44,6%	-42,2%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	1.787	4.289
	Var. 20/19	-60,9%	-62,9%

SETEMBRO 2020

- No pasado mes de setembro rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ourense. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 46% e o volume de noites un 48% en relación ao mesmo período do pasado ano. Son porcentaxes importantes que en todo caso sitúanse por debaixo da media de Galicia e dos destinos urbanos da comunidade.
- Esta notable caída, sen precedentes na serie histórica, deixa o nivel final deste mes en pouco máis de 12 mil noites, cifra parella á rexistrada noutras cidades como Lugo ou Pontevedra e que supón un mínimo na propia cidade de Ourense.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe coa serie de anos anteriores e coloca o nivel final en 7.400 no mes de setembro.


- Neste mes o 85% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que tan só o 15% restante é de orixe internacional.
- En setembro obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 45% o turismo de ámbito nacional e do 61% o internacional –porcentaxes inferiores á media de Galicia-.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 80% do total das noites hoteleiras en setembro do pasado ano ao 85% actual.
- Neste contexto negativo rexístrase tamén un descenso da estadia media nos hoteis e pensións da cidade. En particular, cae un 3,3% para situarse levemente por encima de 1,6 noites –a segunda cifra máis baixa dos destinos urbanos de Galicia, moi semellante á rexistrada en Lugo-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto de estabilidade da oferta dispoñible. O volume de prazas ofertadas mantense nos niveis do pasado ano, con preto de 1.300 prazas de media mensual. Neste sentido Ourense é unha das cidades que mellor conseguiu recuperar e poñer no mercado o nivel de oferta habitual da cidade neste contexto de crise.
- O descenso da demanda provoca neste caso un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 60,4% en setembro do pasado ano ao 31,8% deste ano-. A perda achégase aos 29 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano por encima da media dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras incrementáanse neste mes –un 2,5% en particular- situándose en 54,4 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de certa mellora das tarifas hoteleiras. Tal circunstancia leva a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 41,9% para situarse en 21,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de Ourense. Mes de setembro 2012-20



3º TRIMESTRE 2020

- Neste terceiro trimestre rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ourense respecto do mesmo período do pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 43% e o volume de noites un 45%, porcentaxes inferiores ás da media dos destinos urbanos de Galicia.
- Esta notable caída contrasta cos incrementos rexistrados nos dous últimos anos e tamén coas subas do trienio 2014-16, e deixa o nivel final deste ano en preto das 42 mil noites –a cifra máis baixa de cando menos esta década-.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe coa serie de anos anteriores, acadando máis de 25 mil.
- O descenso da demanda prodúcese en xullo –cunha caída do 50%- , en agosto –cun 40%- e tamén en setembro –cun descenso neste caso do 48%- . O comportamento é, por tanto, bastante homoxéneo nos tres meses considerados aínda que unha chisca mellor en agosto.
- Neste período o 90% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 10% restante é de orixe internacional.
- Obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 42% o turismo de ámbito nacional e do 63% o internacional. En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore levemente a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 85% do total das noites hoteleiras no terceiro trimestre de 2019 ao 90% actual –a porcentaxe máis elevada da serie histórica pois nunca antes superara o 90% de peso total-.
- A estadía media hoteleira descende por segundo ano consecutivo –un 3,7% neste terceiro trimestre-, circunstancia que deixa o nivel final en 1,65 noites –unha décima menos que no mesmo período de 2018-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible pero de menor intensidade. O volume de prazas ofertadas cae un 26,5% en xullo e un 7,3% en agosto, manténdose estable en setembro.
- Este descenso é inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 62,8% no terceiro trimestre do pasado ano ao 39,3% deste ano-. Esta porcentaxe sitúase na media dos destinos urbanos de Galicia.

Noites hoteleiras no concello de Ourense. 3º Trimestre 2012-20

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Pontevedra

		Setembro 2020	3º Trimestre 2020
VIAXEIROS	Nº	6.308	26.899
	Var. 20/19	-62,5%	-45,7%
PERNOCTACIÓNS	Nº	11.419	53.574
	Var. 20/19	-64,3%	-44,7%
ESTADIA MEDIA	Nº	1,81	1,99
	Var. 20/19	-4,7%	1,7%
OCUPACIÓN (%)	%	29,09%	43,31%
	Var. 20/19	-52,17	-36,35

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Setembro 2020	3º Trimestre 2020
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	5.322	23.701
	Var. 20/19	-37,0%	-22,8%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	986	3.198
	Var. 20/19	-88,2%	-83,0%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	9.966	48.487
	Var. 20/19	-50,8%	-31,5%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	1.453	5.088
	Var. 20/19	-87,6%	-80,6%

SETEMBRO 2020

- No pasado mes de setembro rexístrase unha forte caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Pontevedra. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 62% e o volume de noites un 64% en relación ao mesmo período do pasado ano. Son porcentaxes importantes que se sitúan entre as máis elevadas dos destinos urbanos de Galicia.
- Esta notable caída contrasta coa dinámica observada en anos anteriores e deixa o nivel final deste mes de setembro en máis de once mil noites, a cifra máis baixa de cando menos os últimos seis anos.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso neste mes que coloca o nivel final por encima dos seis mil.
- Neste mes o 87% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 13% restante é de orixe internacional.

- En setembro obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 51% o turismo de ámbito nacional e do 88% o internacional –porcentaxes referidas ás pernoctacións-.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellora a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 63% do total das noites hoteleiras en setembro do pasado ano ao 87% actual. A diferenza supera os vinte puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano na máis elevada da serie –nunca antes o segmento nacional superara o 70% de peso total da demanda-.
- Neste contexto negativo descende tamén a estadía media nos hoteis e pensións da cidade, nun 4,7% en particular, colocando a cifra final en 1,8 noites.
- Descende o nivel de demanda nun contexto onde se mantén estable a oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas sitúase no mesmo nivel do pasado ano con 1.300 prazas. En consecuencia, o descenso da demanda leva a un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 81,3% en setembro do pasado ano ao 29,1% actual-. A perda supera os 50 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano levemente por encima da media dos destinos urbanos de Galicia.

Noites hoteleiras no concello de Pontevedra. Mes de setembro 2015-20



3º TRIMESTRE 2020

- Neste terceiro trimestre rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Pontevedra respecto do mesmo período do pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 46% e o volume de noites un 45%, porcentaxes inferiores á media de Galicia e tamén dos destinos urbanos da comunidade.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante –que contrasta cos incrementos consecutivos dos anos anteriores- acadando preto de 27 mil neste caso.
- O descenso da demanda prodúcese no mes de xullo –cunha caída do 43%- , en agosto –cun 29%- e tamén en setembro –cun descenso neste caso superior, do 64%- . O comportamento é, por tanto, parello aínda que difire en intensidade, con mellor comportamento en termos relativos en agosto.
- Neste período o 90,5% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 9,5% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes pero de diversa intensidade, do 31% o turismo de ámbito nacional e do 81% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore levemente a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 73% do total das noites hoteleiras no terceiro trimestre de 2019 ao 90,5% actual.
- A estadia media hoteleira incrementase levemente neste trimestre –nun 1,7%- para situarse en dúas noites –cifra que se sitúa próxima á media dos destinos urbanos de Galicia-.
- O descenso do nivel de demanda leva a un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 79,7% no terceiro trimestre do pasado ano ao 43,3% deste ano, porcentaxe superior á media dos destinos urbanos de Galicia-.

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Compostela

		Setembro 2020	3º Trimestre 2020
VIAXEIROS	Nº	25.638	103.039
	Var. 20/19	-73,1%	-63,7%
PERNOCTACIÓNS	Nº	47.152	191.001
	Var. 20/19	-71,8%	-63,1%
ESTADIA MEDIA	Nº	1,84	1,85
	Var. 20/19	5,1%	1,7%
OCUPACIÓN (%)	%	24,31%	33,78%
	Var. 20/19	-45,45	-36,05
ADR (€)	€	58,8 €	-
	Var. 20/19	-24,9%	-
RevPAR (€)	€	15,6 €	-
	Var. 20/19	-74,7%	-

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Setembro 2020	3º Trimestre 2020
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	21.251	86.556
	Var. 20/19	-49,3%	-43,8%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	4.387	16.483
	Var. 20/19	-91,8%	-87,3%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	40.051	163.058
	Var. 20/19	-45,4%	-43,9%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	7.101	27.943
	Var. 20/19	-92,4%	-87,6%

SETEMBRO 2020

- No pasado mes de setembro rexístrase un comportamento negativo da demanda hoteleira na cidade de Compostela. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados nun 73% e o número de noites nun 72%, porcentaxes importantes que colocan a Santiago como o destino urbano de peor comportamento neste mes –o único que presenta unha caída superior ao 70% interanual-.
- Esta notable caída carece de precedentes na serie histórica e sitúa o nivel final deste mes de setembro levemente por encima das 47 mil noites –dato que supón un mínimo na serie-. No pasado ano xeráranse, por exemplo, 167 mil noites.
- En termos de viaxeiros aloxados o descenso sitúa o volume final en preto de 26 mil.


- Neste mes o 85% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 15% restante é de orixe internacional.
- En setembro obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes pero de diferente intensidade -do 45% o turismo de ámbito nacional e do 92% o internacional-. En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo, con diferenza, de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 44% do total das noites hoteleiras en setembro do pasado ano ao 85% actual.
- Acontece o contrario co turismo internacional que perde neste ano máis de 40 puntos no seu peso sobre o total da demanda. Isto leva a unha caracterización do mercado insólita na cidade pois nunca antes o segmento internacional representara menos do 38% do total neste noveno mes do ano.
- Neste contexto negativo a estadia media increméntase nun 5,1% situando o nivel medio en pouco máis de 1,8 noites, circunstancia que contrasta co observado noutros destinos da comunidade.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 18,1% en relación ao pasado ano, con pouco máis de 6.400 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón entorno a 1.400 prazas menos que en setembro de 2019-.
- O descenso da oferta é en todo caso inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 69,8% en setembro do pasado ano ao 24,3% deste ano-. A perda é de 45 puntos porcentuais –sen precedentes na cidade- e coloca a porcentaxe deste ano na máis baixa dos destinos urbanos de Galicia –case equivalente á de A Coruña-.
- As tarifas hoteleiras descenden tamén neste mes de setembro –nun 24,9% en particular- situándose en 58,8 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambos factores levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 74,7% para situarse en 15,6 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de Compostela. Mes de setembro 2012-20



3º TRIMESTRE 2020

- Neste terceiro trimestre rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Compostela respecto do mesmo período do pasado ano. En particular, tanto a cifra de viaxeiros aloxados coma o volume de noites descende nun 63% -a porcentaxe máis elevada dos destinos urbanos de Galicia-.
- Esta notable caída rompe drasticamente coa serie de noites hoteleiras deste terceiro trimestre e sitúa o nivel final deste ano en 191 mil noites –dato que obviamente supón un mínimo histórico-.
- En termos de viaxeiros aloxados o descenso deste ano coloca o nivel final en 103 mil.
- O descenso da demanda prodúcese nos tres meses considerados. Cae a demanda nun 66% en xullo, un 53% en agosto e un 72% agora en setembro. O comportamento é, por tanto, bastante homoxéneo nos tres meses aínda que mellora en agosto.
- Neste período o 85% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 15% restante é de orixe internacional.
- Ambos segmentos de mercado presentan caídas importantes neste trimestre, do 44% o turismo de ámbito nacional e do 88% o internacional –porcentaxes referidas ás pernoctacións-.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore levemente a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 56% do total das noites hoteleiras no terceiro trimestre de 2019 ao 85% actual –a porcentaxe máis elevada da serie histórica, e con diferenza, pois nunca antes superara o 70% de peso total-. Acontece o contrario co segmento internacional, que perde case 30 puntos de peso no mercado hoteleiro da cidade.
- A estadía media hoteleira increméntase por quinto ano consecutivo aínda que a taxas moi baixas –un 1,7% neste trimestre-. Isto coloca o nivel final deste ano en 1,85 noites, curiosamente a cifra máis alta desde o 2011.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible pero de menor intensidade. O volume de prazas ofertadas cae un 31% en xullo –con 2.400 prazas menos-, un 17,5% en agosto –cun descenso de case 1.400 prazas- e un 18% agora en setembro –tamén con 1.400 prazas menos neste caso-.
- Este descenso é inferior en todo caso ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 69,8% no terceiro trimestre do pasado ano ao 33,8% deste ano-. É a segunda porcentaxe máis baixa dos destinos urbanos de Galicia.

Noites hoteleiras no concello de Compostela. 3º Trimestre 2012-20

CONCELLO DE VIGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Vigo

		Setembro 2020	3º trimestre 2020
VIAXEIROS	Nº	17.292	62.781
	Var. 20/19	-59,5%	-53,6%
PERNOCTACIÓNS	Nº	45.220	168.966
	Var. 20/19	-50,6%	-46,9%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,62	2,69
	Var. 20/19	22,1%	14,4%
OCUPACIÓN (%)	%	33,37%	40,73%
	Var. 20/19	-30,08	-30,21
ADR (€)	€	56,1 €	-
	Var. 20/19	-10,2%	-
RevPAR (€)	€	21,2 €	-
	Var. 20/19	-56,4%	-

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Setembro 2020	3º trimestre 2020
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	14.618	52.207
	Var. 20/19	-46,2%	-42,3%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	2.674	10.574
	Var. 20/19	-82,8%	-76,4%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	37.873	136.636
	Var. 20/19	-39,4%	-40,2%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	7.347	32.330
	Var. 20/19	-74,7%	-63,8%

SETEMBRO 2020

- No pasado mes de setembro rexístrase igualmente un comportamento negativo da demanda hoteleira na cidade de Vigo. A cifra de viaxeiros aloxados descende nun 60% e o volume de noites nun 51% en relación ao mesmo período do pasado ano. Son porcentaxes importantes que se sitúan por debaixo da media dos destinos urbanos da comunidade, cun comportamento semellante ao rexistrado no caso de Ourense.
- Esta notable caída non ten precedentes na serie histórica pola súa intensidade aínda que a evolución recente da demanda hoteleira en Vigo amosa un comportamento irregular nos últimos anos. Isto coloca a cifra final deste mes de setembro en algo máis de 45 mil noites –a cifra máis baixa de cando menos os últimos vinte anos–.
- En termos de viaxeiros acontece algo semellante, rexistrando algo máis de 17 mil neste caso.


- Neste mes o 84% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 16% restante é de orixe internacional.
- En setembro obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes aínda que de diversa intensidade -do 39% o turismo de ámbito nacional e do 75% o internacional-.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 68% do total das noites hoteleiras en setembro do pasado ano ao 84% actual –con quince puntos de mellora que perde, en paralelo, o segmento internacional-.
- Neste contexto negativo rexístrase un incremento da estadia media nos hoteis e pensións da cidade. En particular, sobe por terceiro ano consecutivo -un 22,1% neste 2020- para situarse en 2,6 noites –a cifra máis elevada dos destinos urbanos de Galicia-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 5,2% en relación ao pasado ano, con 4.500 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón case 300 prazas menos que en setembro de 2019-. Neste sentido Vigo é unha das cidades que mellor conseguiu recuperar e poñer no mercado o nivel de oferta habitual da cidade neste contexto de crise.
- O descenso da oferta é obviamente inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 63,5% en setembro do pasado ano ao 33,4% deste ano-. A perda sitúase nos 30 puntos porcentuais –semellante á de agosto- e coloca a porcentaxe deste ano na segunda máis elevada dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras descenden neste mes –nun 10,2% en particular- situándose en 56,1 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Tal circunstancia leva a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 56,4% para situarse en 21,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de Vigo. Mes de setembro 2012-20





3º TRIMESTRE 2020


- Neste terceiro trimestre rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Vigo respecto do mesmo período do pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 54% e o volume de noites un 47%, porcentaxes inferiores ás da media dos destinos urbanos de Galicia.
- Esta notable caída contrasta co incremento rexistrado no pasado ano e tamén coa serie positiva que se viña observando en anos anteriores, de 2013 a 2017. Tal circunstancia deixa o nivel final deste trimestre en preto de 169 mil noites –a cifra máis baixa de cando menos este século pero que en termos comparativos colócase como a segunda máis alta dos destinos urbanos de Galicia, só por detrás de Santiago-.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que da continuidade ás caídas dos dous anos anteriores, acadando preto de 63 mil.
- O descenso da demanda prodúcese nos meses de xullo –cunha caída do 52%- , en agosto –cun 40%- e tamén agora en setembro –cun 51% neste caso-. O comportamento é, por tanto, bastante homoxéneo nos tres meses considerados aínda que mellora levemente en agosto.
- Neste período o 81% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 19% restante é de orixe internacional.
- Neste terceiro trimestre obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 40% o turismo de ámbito nacional e do 64% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellora levemente a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 72% do total das noites hoteleiras no terceiro trimestre de 2019 ao 81% actual –a porcentaxe máis elevada desde o 2005-.
- A estadía media hoteleira increméntase por terceiro ano consecutivo –un 14,4% neste trimestre, circunstancia que eleva a cifra deste ano a 2,7 noites –dato que supón un máximo histórico na cidade e que supón ademais a cifra máis elevada dos destinos urbanos de Galicia-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible pero de menor intensidade. O volume de prazas ofertadas cae un 9,3% en xullo, un 4,3% en agosto e un 5,2% en setembro.
- Este descenso é obviamente inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 70,9% no terceiro trimestre do pasado ano ao 40,7% deste ano-. Esta porcentaxe sitúase tres puntos por encima da media dos destinos urbanos da comunidade.

Noites hoteleiras no concello de Vigo. 3º Trimestre 2012-20

ANEXO - GRÁFICOS

Noites hoteleiras nos destinos urbanos de Galicia. Setembro 2020*Variación das noites hoteleiras nos destinos urbanos de Galicia. Setembro 2020/19*

Estadía media hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Setembro 2020



Ocupación hoteleira e variación interanual nos destinos urbanos de Galicia. Setembro 2020

